

XII Edición

Os+Mozos Solidarios

con nenos do Sahel



Save the Children





Save the Children



Unha marea Solidaria

Foto portada:

© Jonathan Hyams & Save the Children

Arte e edición:

Germán Gullón (VALBHY)

Ilustracións:

© Íñigo Navarro Dávila

Contidos:

Marisol Paniagua y María Cimadevilla

Coordinación:

Óscar Naranjo

Deposito legal:

M-18965-2016



O contido Os+MozosSolidarios pode ser reproducido tanto parcial como totalmente para fins educativos sen ánimo de lucro e citando sempre a súa procedencia.

Grazas, moitas grazas!

Porque un ano máis fixeches posible que recorramos xuntos Quilómetros de Solidariedade para defender os Dereitos da Infancia. Cada edición sodes máis os nenos, nenas e mozos que vos unides a esta actividade solidaria. Sodes cada un de vós os que co voso esforzo e entusiasmo dades a coñecer a situación de millares de nenos e nenas que, polo simple feito de nacer noutra parte do mundo, están nunha situación máis vulnerable. Sodes vós os que xunto coas vosas escolas e familias logrades que cada vez máis persoas sexan conscientes da inxustiza e desigualdade que millóns de nenos e nenas viven en todo o mundo. E sodes vós os que vos mobilizades para loitar por conseguir que isto cambie. E xuntos estámolo a conseguir!

Este curso compartistes pupitre con milleiros de nenos e nenas do Sahel, sentástesvos ao seu carón á hora de comer e acompañásteslles ao médico cando o necesitaron. Porque para moitos, todo iso foi posible grazas a vós. O voso apoio ao traballo que facemos en Save the Children permítenos protexer aos nenos que viven nunha situación máis desfavorecida para que, coma ti, eles teñan a oportunidade de cambiar as súas vidas e construír un futuro mellor para todos.

A túa participación nesta carreira é cada ano a mellor recompensa para milleiros de nenas e nenos. Grazas por facelo posible!



Éxito de Participación!

Ti fíxeches posible que, un ano máis, academos un novo récord de participación.

1.524
centros inscritos



409.743
alumnos e alumnas
participantes



29.476
mestres involucrados



860.000€
recadados



Milleiros de formas de correr e participar

Xuntos recorrestes moitos quilómetros solidarios, xuntos comprometésteivos cos nenos e nenas máis vulnerables.

De seguro que gozastes con ese momento de esforzo compartido entre todos e cansásteivos, mais quixestes dar unha volta máis a pesares de sentir que vos faltaban os folgos. En definitiva, xuntos fixestes posible que a vosa carreira fora un éxito.

Preparados, listos... XA!
(ESCOLA BERRIZ. LAS ROZAS)



Mais non todos participastes do mesmo xeito. A idade de cada grupo e o lugar onde está a vosa escola ou instituto tamén ten moito que ver co xeito de participar. Queremos amosarvos algunhas das distintas modalidades a través dunha mostra das imaxes que nos enviaron os vosos mestres.



Podes ver máis fotos da carreira na páxina web:

savethechildren.es/revistaKM2016

Aquí ensinámosvos algunhas para que nun exercicio de imaxinación vos vexades a vós mesmos na vosa carreira e saibades que sodes moitos e moitas os que colaborastes para mellorar a vida dos nenos e nenas do Sahel. Tamén podedes visitar a nosa páxina web para verdes todas as fotos que recibimos durante este curso dos vosos mestres e mestras.



Comezamos cos máis pequerrechos...

Unha carreira de triciclos baixo a choiva, pode ser moi divertido.
(CEIP VIRGEN DE ARGEME CORIA CÁCERES)



Que vos parece facer unha xincana nun parque próximo? Os máis pequenos soben, baixan, reptan. Divírtense!

(EEI BARAJAS. BERJA ALMERÍA)



Por suposto, carreiras tradicionais no patio da escola acompañados de mestres, e ata de pais!

(CEIP MAESTRO GABRIEL ARENAS DE SAN ROQUE. CÁDIZ)

E se a nosa escola está preto do campo, podería estar ben unha carreira campo a través, non si?

(ESCOLA DE RELLINARS, BARCELONA)



...e os alumnos maiores tampouco quedaron atrás.



Mira cantas formas distintas de participar!



Un Zumbathon. Nada mellor ca música para pasar un día divertido e solidario.

(IES FRANCISCO DE BURGOS, MOTRIL. GRANADA)



Ou unha marcha en bicicleta fóra do centro educativo.

(IES FRANCISCO DE BURGOS, MOTRIL. GRANADA)



E despois dun gran esforzo, chega o merecido descanso.

(CRA LOS LLANOS VIRGEN DEL CAMINO, CÁCERES)



Conseguistes dar un paso alén
coas propostas didácticas
que vos faciamos.

(CEIP EL PALMERAL, ALICANTE)



Adiantámonos un chisco
e ensinámosvos o resultado final do traballo
feito. Mais antes na aula traballouse
cos mestres e os compañeiros
para saber por que corriamos,
bailabamos, marchabamos
ou montabamos en bicicleta.

Amosámosvos tamén algúns exemplos,
pero hai moitos máis!



A vosa imaxinación e a arte
que lle poñedes déixannos
sen palabras.

(COLEGIO PRINCESS MARGARET,
BARCELONA)

Encántanos ver como
traballades en grupo
e colaborades cos
preparativos da carreira.

(CEIP NTRA SRA DE LOS REMEDIOS,
SANTO TOMÉ)



(CEIP CAJA DE AHORROS, SALAMANCA)



Os teus quilómetros valen toda unha vida

Porque ademais de participar nunha actividade deportiva, cada unha das pegadas que deches na carreira Quilómetros de Solidariedade vai deixar pegada na vida de milleiros de nenos e nenas do Sahel como Shamsia. Descubre como!

Shamsia ten agora un ano e hai meses comezou a enfermarse despois de que a súa familia perdese a súas colleitas e apenas tivesen medios para poder alimentarse. Unha nena tan pequena como ela é moito máis vulnerable, e deseguido enfermou.



A súa nai levouna a unha das clínicas de Save the Children onde o persoal médico diagnosticou que Shamsia sufría desnutrición severa e decidiron deixala ingresada.



Alí recibiu o tratamento médico e o leite terapéutico que precisaba para recuperarse.




Namentres estivo no hospital, tanto Shamsia como a súa nai puideron recibir unha alimentación axeitada.



Para que, ao igual que Shamsia, os nenos e nenas que viven nunha situación máis vulnerable, teñan a oportunidade de cambiar a súas vidas e facer realidade o futuro co que soñan.



Milleiros de nenos e nenas coma Shamsia teñen así asegurado o seu dereito a sobrevivir, aprender e estar protexidos. Algo que axuda a que conten cunha mellor oportunidade de futuro.



Shamsia é agora unha nena saudable e feliz. Se continúa recibindo os cuidados médicos e a alimentación que precisa, poderá ir á escola e aproveitar ao máximo a educación que Save the Children impulsa nos seus programas de desenvolvemento en Sahel.



O acceso a auga potable tamén fai que Shamsia estea máis protexida perante outras doenzas e posibles infeccións.

Participando na carreira apoias os programas de supervivencia infantil de Save the Children e fas posible que cambie a vida de milleiros de nenos e nenas no Sahel.

Ata o último neno

Todos os nenos e nenas teñen dereito a un futuro. En España e en todo o mundo, en Save the Children traballamos cada día para asegurar que todos os nenos sobreviven, aprenden e están protexidos perante a violencia. Mais o noso esforzo intensifícase para acadalo no caso daqueles nenos e nenas que, asemade, son máis vulnerables. Nacer nun determinado lugar do mundo pode ser a causa de que a súas oportunidades de futuro sexan máis limitadas.



Por iso en Save the Children traballamos para acabar con esta situación de desigualdade e inxustiza e asegurar que todos os nenos e nenas, en calquera parte do mundo, teñan a oportunidade de mudar as súas vidas e construír un futuro mellor para todos.

Que pode facer que un neno ou nena sexa máis vulnerable?

Pensa en como te afectan a ti e como poden afectar aos nenos e nenas estas circunstancias que te amosamos deseguido.



Barreiras económicas

Os ingresos da túa familia, as posibilidades de ir ao médico ou de estudar, suporán unha diferenza no futuro.




Barreiras culturais e sociais

A etnia, relixión e xénero poden condicionar como te tratan os demais.



Barreiras xeográficas

O lugar onde naces condiciona a túa vida e as oportunidades de futuro.



Barreiras políticas

As leis do lugar no que vives, de sufrires algunha guerra ou algunha catástrofe, inflúen nas túas posibilidades de medrar e desenvolverte.



+ Pertencer a unha etnia ou cultura minoritaria



+ Ser refuxiado ou migrante



+ Ter unha discapacidade



+ Ser nena



As máis vulnerables



Para saber máis, visita:


savethechildren.es/everylastchild





Quilómetros de Solidariedade fai posible que ti e milleiros de nenos e nenas do Sahel esteades conectados. O teu esforzo chega cada vez máis lonxe!

Busca o percorrido neste labirinto que che permita completar a carreira e apoiar os proxectos de supervivencia infantil de Save the Children no Sahel.



Esperámoste o ano que vén para seguirmos correndo en defensa dos Dereitos da Infancia. GRAZAS!